



Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Procedemento PR62XES

Planificación do sistema de xestión da calidade (SXC)

Versión	Descrición	Data
01	Edición inicial	30/09/2015
02	Recodificación	01/09/2017
03	Desprazamento para a terceira avaliación da táboa de seguimento e medición de indicadores (MD62XES01) para o procedemento PR71CAL (homoxeneización de criterios e calibración)	01/09/2018
04	Incorporación do Servizo de Xestión de Procesos de Calidade coa revisión de misións e responsabilidades	01/09/2021
05	Nova estrutura orgánica da Consellería	01/09/2022



Índice

1	Obxecto.....	3
2	Ámbito de aplicación.....	3
3	Misións e responsabilidades.....	3
4	Desenvolvemento do proceso.....	4
5	Información documentada.....	5



1 Obxecto

- Definir o procedemento para realizar a Planificación Estratéxica dos conservatorios profesionais de música e danza, así como para facer o seguimento desta, dos obxectivos do proxecto educativo, da programación xeral anual e dos indicadores establecidos.
- Definir o método a seguir para planificar a calidade garantindo a integridade do sistema de xestión (SXC).

2 Ámbito de aplicación

O Sistema de Xestión da Calidade (SXC) no seu conxunto.

3 Misións e responsabilidades

Subdirección Xeral responsable da Rede

- Dar as directrices para a elaboración do proxecto educativo dos CMUS e CDAN de Galicia.
- Aprobar o Plan Estratéxico dos CMUS-CDAN de Galicia.

Servizo responsable da Rede

- Elaborar xunto coa Subdirección Xeral correspondente o plan estratéxico dos CMUS-CDAN segundo directrices da Dirección Xeral.
- Elaborar xunto coa Subdirección Xeral correspondente os plans de calidade, de ser o caso.

Comité de calidade da Rede (CR)

- Realizar o seguimento do Plan Estratéxico.
- Realizar a valoración conxunta dos proxectos educativos e das programacións xerais anuais dos CMUS-CDAN.
- Realizar a valoración conxunta do cumprimento dos indicadores de proceso nos CMUS-CDAN.
- Detectar oportunidades de mellora ou accións correctivas segundo proceda.

Comité de calidade do centro (CC)

- Realizar a valoración do proxecto educativo e Plan Anual do seu centro, tomando as medidas precisas cando sexa pertinente.
- Realizar a valoración dos resultados acadados nos indicadores de proceso no seu centro, tomando medidas no seu caso.
- Avaliar a eficacia das accións desenvolvidas.

Equipo directivo

- Elaborar, coordinar e dirixir o proxecto educativo e a programación xeral anual.
- Realizar a valoración do proxecto educativo e da programación xeral anual do seu centro presentándoa aos órganos colexiados para a súa avaliación recollendo as propostas que se poidan presentar.



- Realizar a valoración dos resultados acadados nos Indicadores de proceso no seu centro, tomando medidas no seu caso.
- Avaliar a eficacia das accións desenvolvidas.

Responsable de calidade do centro (RC)

- Recadar información do seguimento e medición de indicadores e obxectivos e accións do Plan Anual.
- Participar na valoración do proxecto educativo e da programación xeral anual do centro.

Persoal dos CMUS e CDAN

- Aportar os datos do seguimento e medición de indicadores de proceso e de obxectivos, así como das accións do proxecto educativo e da programación xeral anual das que fosen responsables.

4 Desenvolvemento do proceso

- Os documentos clave para o desenvolvemento deste proceso son os seguintes:
 - Plan Estratéxico.
 - Proxecto educativo do CMUS-CDAN.
 - Plan Anual do CMUS-CDAN.
 - Memoria Anual do CMUS-CDAN.
 - Seguimento de obxectivos e os seus indicadores de consecución.
 - Medición de indicadores de proceso.
- Desenvolvemento do proceso:
 - A Subdirección Xeral responsable da Rede define os obxectivos estratéxicos a desenvolver na Rede de CMUS-CDAN.
 - Estes obxectivos son trasladados a cada centro que os terá en conta para elaborar o Proxecto educativo concretándose en obxectivos anuais e metas no Plan anual de centro. Ademais • deses obxectivos estratéxicos o centro determinará outros obxectivos propios de centro que considere tras a análise do seu contexto.
 - No Plan Anual do CMUS-CDAN determinaranse as accións que cada centro considere para levar a cabo os obxectivos anuais. Nas revisións periódicas realizadas polo equipo directivo e o responsable de calidade analizarase o avance en ditas accións e na consecución dos obxectivos.
 - A Subdirección Xeral correspondente xunto co Servizo responsable da Rede elaboran os indicadores de proceso que se trasladan a cada centro.
 - Os resultados dos Indicadores de proceso definidos no Seguimento e medición de Indicadores serán aportados pola persoa responsable de Calidade do CMUS-CDAN segundo a periodicidade establecida, para realizar a valoración por avaliación xunto co Equipo Directivo.
 - En caso de incumprimento, documéntase unha Non conformidade, adoptando as correspondentes accións correctivas, de ser o caso (Non conformidades e accións correctivas).



- Ao final de cada curso, coincidindo coa reunión da última avaliación do comité de calidade de centro (CC) realízase a valoración global do curso, que se plasma na Memoria Anual/Revisión pola dirección do CMUS-CDAN e que constitúe a revisión pola dirección individual do centro.
- Dita revisión final debe ser enviada ao Servizo responsable da Rede a final do curso, como elemento de entrada para a posterior revisión anual polo Servizo responsable da Rede xunto coa Subdirección Xeral responsable da Rede, segundo o descrito no procedemento de revisión do sistema de xestión de calidade, PR93REV.

5 Información documentada

- PR62XES. *Planificación da xestión da calidade.*
 - MD62XES01 *Seguimento e medición de Indicadores.*
 - MD62XES02 *Seguimento de obxectivos.*